

PLAN ANUAL 2021 DA COOPERACIÓN GALEGA

**Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea
Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia,
Xustiza e Turismo**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. ÁMBITOS ESTRATÉGICOS DAS ACTUACIÓNS NO EXTERIOR

3. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS, TRANSVERSAIS E COLECTIVOS PRIORITARIOS

3.1 PRIORIDADES XEOGRÁFICAS E TRANSVERSAIS

3.2 COLECTIVOS PRIORITARIOS

4. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES

5. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2021

5.1 CONVOCATORIAS PÚBLICAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA
COMPETITIVA

5.2 CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES

5.3 PLAN ANUAL DE AVALIACIÓNS

5.4 ACTIVIDADES DIVULGATIVAS E FORMATIVAS

5.5 COORDINACIÓN INSTITUCIONAL

6. ORZAMENTO 2021

ANEXO: ESTRATEXIA DE RESPOSTA Á COVID-19 DA COOPERACIÓN GALEGA

1. INTRODUCCIÓN

O Plan anual 2021 da Cooperación Galega preséntase en cumprimento do mandato legal establecido no artigo 9.3 da Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, que sinala que os plans anuais serán aprobados polo Consello da Xunta de Galicia por proposta do departamento competente en materia de cooperación para o desenvolvemento, logo do informe do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.

Co Plan anual 2021 remátase a **vixencia do IV Plan director da cooperación galega 2018-2021**. Neste Plan anual recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios que o Goberno galego pon a disposición da cooperación para o desenvolvemento para o ano 2021, de acordo coas orientacións establecidas no IV Plan director.

Igualmente, no presente documento **relaciónanse só as actuacións que se van a financiar no marco do programa orzamentario 331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento** da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante DXRREE e coa UE), sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan desenvolver actuacións en materia de cooperación, cuxa cuantificación se realizará ao final do exercicio.

Para o ano **2021** a dotación total do programa *331A: Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento* elévase a **7.448.433,00 €**, é dicir, **801.464,00 € máis que a do ano 2020**, o que supón un incremento dun **12,06 %** sobre o orzamento total do programa.

Con dito incremento **supérase o compromiso adquirido** no IV Plan director da cooperación galega 2018-2021, segundo o cal o **orzamento de cooperación** para o desenvolvemento **debe aumentar como mínimo nun 11,4 % respecto ao do ano anterior**.

Os **compromisos de gasto adquiridos** en exercicios anteriores (capítulos IV e VII), para actuacións que están en marcha

(**3.190.194,21 €**) xunto co compromiso de **gastos de persoal** (capítulo I) da **Subdirección Xeral de Cooperación Exterior (572.641,00 €)**, elevan o **orzamento comprometido** para o 2021 a un total de **3.762.835,21 €**, o que supón unha **dotación dispoñible para novas actuacións de 3.685.597,79 €**.

Como liña xeral, seguirase apostando polas **convocatorias públicas** de axudas como **principal instrumento** de canalización de fondos, co fin de facilitar o concurso en concorrencia competitiva dos distintos axentes de cooperación. Está previsto destinar ás convocatorias sobre un **80% do orzamento operativo de gasto**. Do mesmo xeito, **primaranse as actuacións das ONGD** na xestión e canalización das axudas.

Un aspecto importante a destacar é que este Plan anual 2021 da Cooperación Galega, e no que respecta ás actuacións no exterior, desenvolverase tomado como base a **Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega**, de tal forma que os recursos e instrumentos orientaranse de cara a facilitar a loita contra a pandemia e as súas negativas consecuencias que están a afectar gravemente ás comunidades e persoas máis vulnerables.

Ao tempo, a próxima aprobación no Parlamento de Galicia e entrada en vigor da **Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia** permitirá contar cun renovado marco de financiamento e control das axudas e subvencións neste eido, o que posibilitará a necesaria flexibilidade na súa xestión para afrontar este contexto de incertezas con garantías de calidade, eficacia e eficiencia.

2. ÁMBITOS ESTRATÉXICOS DAS ACTUACIÓNS NO EXTERIOR

Os ámbitos estratéxicos (AE) do Plan 2021 que orientarán as actuacións no exterior serán os que define a Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega:

AE 1: Afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e aos gobernos, comunidades e organizacións da sociedade civil socias da Cooperación Galega para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias.

AE 2: Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico) e a cohesión social e reforzar os sistemas públicos de protección social con iniciativas lideradas desde o nivel comunitario e local.

AE 3: Mitigar o impacto socioeconómico e salvagardar ás persoas máis vulnerables e ás comunidades locais garantindo os seus ingresos e os seus medios sustentables de vida.

Con carácter transversal a estes tres ámbitos estratéxicos priorizaranse as actuacións que impulsen a equidade de xénero e o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia, por mor da súa especial afectación a causa da pandemia.

3. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS, TRANSVERSAIS E COLECTIVOS PRIORITARIOS

3.1. PRIORIDADES XEOGRÁFICAS E TRANSVERSAIS

O Plan 2021 respectará as prioridades xeográficas do IV Plan director da cooperación galega (2018-2021) e dará continuidade á atención específica aos países menos adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo e ás comunidades e países socios máis afectados pola COVID-19.

As intervencións financiadas no marco deste Plan respectarán as prioridades transversais establecidas no IV Plan director da cooperación (2018-2021): erradicación da pobreza multidimensional, equidade de xénero, defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade, a

equidade e a loita contra as desigualdades, e a participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.

3.2. COLECTIVOS PRIORITARIOS

As actuacións no exterior prestarán unha atención preferente ás persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinación, exclusión ou discriminación que teñan sido máis afectadas pola pandemia.

Estes grupos de poboación coinciden cos colectivos identificados no IV Plan Director como prioritarios por mor de atoparse en situación de vulnerabilidade, en risco de marxinación e exclusión ou sendo vítima de múltiples discriminacións e violencias como as mulleres e nenas, adolescentes, persoas traballadoras informais, poboación indíxena ou afrodescendente, minorías étnicas, persoas con diversidade funcional, persoas maiores dependentes, persoas doentes sen recursos, poboación refuxiada ou desprazada, etc.

Con todo, identifícanse a infancia e ás nenas e mulleres como colectivos especialmente afectados, aos que se engaden as persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de regresión democrática e autoritarismo ou en países onde as medidas sanitarias máis severas para a loita contra a pandemia inclúen a restrición dos dereitos e as liberdades públicas. Xa que logo, durante a situación de pandemia procurárase non deixar a ninguén atrás, pero deberase protexer sobre todo ás persoas e grupos máis vulnerables.

4. CUMPRIMENTO DOS COMPROMISOS ADQUIRIDOS EN ANOS ANTERIORES

Cos orzamentos de cooperación para o ano 2021 asegurárase a cobertura financeira dos compromisos adquiridos con anterioridade, que no seu conxunto se elevan a **3.190.194,21 €**, que permitirán **dar continuidade** ás seguintes actuacións:

- **26** proxectos aprobados na **convocatoria do ano 2020** de **proxectos no exterior dos axentes de cooperación**, por un total de **2.612.594,46 €** para 2021.
- **10** proxectos aprobados na **convocatoria do 2020** de **proxectos de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global**, por un total de **210.035,24 €** para 2021.
- **O convenio** de colaboración asinado no **2020** con ***Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz***, para a execución da VIII edición do proxecto de Educación para o Desenvolvemento *“Cooperación Galega: O mundo que queremos 2020-2021”*, encadrado no Plan Proxecta da actual Consellería de Cultura, Educación e Universidade, cunha dotación de **45.437,00 €** para o ano 2021.
- **6 bolsas de formación** de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento convocadas no ano 2019, e prorrogadas no 2020, cunha dotación orzamentaria inicial de **55.000 €** ata a finalización do período de formación, no mes de agosto de 2021. A este orzamento hai que engadir **2.400 €** para a cobertura da **Seguridade Social** das persoas bolseiras.
- **O convenio** de colaboración asinado no 2019 **coa *Fundación Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR)***, no marco da *Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, Perú, “ACUIPESCA Perú”*, para o fortalecemento institucional do Ministerio da Producción do Goberno peruano (PRODUCE), cunha dotación de **112.911,41 €** para o ano 2021.
- Un 2º **convenio** de colaboración asinado no 2019 **coa *Fundación Ayuda en Acción*** no marco da *Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, Perú, “ACUIPESCA Perú”*, para o fortalecemento da capacidade de organización e a cultura empresarial das Organizacións Sectoriais de

Pescadores Artesanais (OSPAS), cunha dotación de **75.000,00 €** para o ano 2021.

- Un 3º **convenio** de colaboración asinado no 2020 con **ANFACO-CECOPESCA** no marco da *Iniciativa de desenvolvemento do sector acuícola e pesqueiro artesanal na Baía de Sechura, Perú*, “**ACUIPESCA Perú**” para a o fortalecemento institucional e organizacional, a adopción de tecnoloxías e a sustentabilidade ambiental do sector da pesca artesanal e acuícola, cunha dotación de **76.792,42 €** para o ano 2021.

5. NOVAS ACTUACIÓNS PARA O ANO 2021

Unha vez descontados os recursos para dar continuidade aos compromisos asumidos con anterioridade ao ano 2021, e tendo en conta que os gastos de persoal da Subdirección Xeral de Cooperación Exterior ascenden a 572.641 €, a **capacidade orzamentaria** para acometer **novas actuacións** no ano 2021 elévase a **3.685.597,79 €**.

As **actuacións previstas para o ano 2021** detállanse nos seguintes apartados:

5.1 CONVOCATORIAS PÚBLICAS EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA

- ✓ **Convocatorias de subvencións para proxectos de cooperación no exterior das ONGD e outros axentes de cooperación**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais que teñan a condición de axentes de cooperación.

A **dotación total de ambas convocatorias** será de **5.000.000 €** (2.000.000 € para o ano 2021 e 3.000.000 € para o 2022), o que

representa un **incremento** dun **6%** respecto á dotación das convocatorias do ano 2020.

A distribución da dotación de cada convocatoria será a seguinte:

- Para **ONGD**: **4.300.000 €** (1.720.000 € no 2021 e 2.580.000 € no 2022).
- Para os **outros axentes**: **700.000 €** (280.000 € no 2021 e 420.000 € no 2022).

A distribución dos créditos entre as dúas anualidades é a mesma á de anteriores convocatorias: 40% para o 2021 e 60% para o 2022.

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos de Educación para o Desenvolvemento (ED) e a Cidadanía Global promovidos polas ONGD**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos de **Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global** por parte das Organizacións Non Governamentais de Desenvolvemento (**ONGD**), dentro das **catro dimensións** que forman parte da educación para o desenvolvemento:

- a) Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e causas da pobreza.
- b) Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- c) Investigación sobre o desenvolvemento.
- d) Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A **dotación total** da convocatoria do ano 2021 será de **500.000 €** (200.000 € para o 2021 e 300.000 € para o 2022), a mesma que a do 2020.

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos de Acción Humanitaria**

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo como tales aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento, protexer os dereitos fundamentais e manter a dignidade humana durante e despois das crises –provocadas por seres humanos ou por desastres naturais–, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta para cando se produzan estas situacións e as de protección de vítimas e defensa dos dereitos humanos.

A **convocatoria** terá carácter **anual** e a súa **dotación** será de **400.000 €** (o que representa un **incremento** dun **33,3 %** respecto á dotación da convocatoria do ano 2020).

✓ **Convocatoria de subvencións para proxectos e creación de grupos de Investigación para o Desenvolvemento promovidos polas universidades e centros de investigación galegos**

O obxecto desta convocatoria específica de axudas para proxectos de investigación, dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas, é potenciar e impulsar esta dimensión da educación para o desenvolvemento. Desta convocatoria poderán beneficiarse tamén as ONGD e os outros axentes de cooperación, sempre que se presenten en agrupación coas universidades, que serán as que deberán liderar os proxectos de investigación.

A convocatoria será bianual, cunha **dotación total de 150.000 €** (75.000 € para o 2021 e 75.000 € para o 2022), é dicir, a mesma dotación que a da publicada no 2019 (esta convocatoria publícase cada dous anos).

✓ **Convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento**

Dende hai anos a Xunta de Galicia fai unha aposta clara para a profesionalización do sector da cooperación galega que redunde nunha

mellora da calidade desta, a través do financiamento de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento, que permiten ás/aos beneficiarias/os completar a súa formación con estadias, tanto no terreo como na sede da DXREUE competente na materia.

Este investimento, dirixido á mellora das capacidades destas persoas, ten un retorno a medio e longo prazo para todo o sistema de cooperación e reforza as relacións entre a Xunta de Galicia e as outras institucións a través das que se articulan estas bolsas, o que leva a facer máis eficaz a cooperación.

Para o ano 2021 convocaranse 6 bolsas, de carácter plurianual, para garantir que as persoas beneficiarias gocen dun ano completo de formación; dúas das bolsas desenvolveranse na sede da DXRREE e coa UE en Santiago de Compostela e as catro restantes no exterior, nas oficinas técnicas de cooperación da AECID (a convocatoria destas catro bolsas estará supeditada á evolución da pandemia).

O **orçamento previsto** para as bolsas é de **95.000 €** (40.000 € para o 2021 e 55.000 € para o 2022).

A este orçamento hai que engadir **3.600 €** (1.200 € no 2021 e 2.400,00 no 2022) para a cobertura da **Seguridade Social** das persoas bolseiras.

5.2 CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON ENTIDADES

✓ Convenios de colaboración no ámbito da Acción Humanitaria

Ademais da convocatoria anual en concorrencia competitiva sinalada anteriormente, prevese asinar os seguintes convenios para a execución de actuacións humanitarias e de emerxencia:

- Convenio de colaboración con **Farmamundi**, que permitirá dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega. A dotación deste convenio será de **50.000 €**.

- Convenio de colaboración coa **Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (SOGAPS)**, co obxectivo de mellorar as condicións de vida da poboación refuxiada saharauí, que terá unha dotación para o ano 2021 de **100.000 €**.
 - Como en anos anteriores, e co fin de promover a presenza da Cooperación Galega na acción multilateral, estableceranse acordos de colaboración con **ACNUR** e **UNRWA** (cos respectivos comités españois), cunha dotación de **30.000 € cada un deles**.
 - Asinarase ademais unha nova prórroga do Convenio asinado o 3 de outubro de 2018 entre a **Cooperación Descentralizada e a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID)** para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria. Este convenio deriva do Acordo Marco asinado no 2013 coa Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, ten carácter anual (prorrogable) e terá unha dotación para o ano 2021 de **50.000 €** por parte da Xunta de Galicia e de cada unha das CCAA asinantes e de 1.000.000 € por parte da AECID.
- ✓ **Convenios de colaboración no ámbito da educación para o desenvolvemento, a sensibilización, a formación e o fortalecemento institucional**

Prevese a sinatura dos seguintes convenios:

- **Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD**

En cumprimento do obxectivo de contribuír ao fortalecemento do sector, asinarase un ano máis un **convenio de colaboración** coa **Coordinadora Galega de ONGD**, como entidade que agrupa actualmente a 46 organizacións con presenza na nosa Comunidade Autónoma e que actúa como representación delas diante das institucións, na defensa do Código de Conduta e na formación, a sensibilización e a incidencia na busca da implicación da sociedade galega na superación da pobreza na que viven millóns de persoas no

mundo. Con este convenio estase a contribuír ao incremento da coordinación entre os actores da cooperación galega.

O obxectivo do convenio será, por unha banda, fortalecer o tecido das ONGD galegas e a propia Coordinadora a través de diversas accións, como prestar servizos de información e apoio técnico ás ONGD, asistencia a xuntanzas con institucións, organización de eventos, promoción de mesas de diálogo, etc. e, por outra banda, mellorar a promoción de actuacións en materia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

A **dotación financeira** prevista para este convenio en 2021 será de **100.000 €**.

- **Convenio de colaboración co *Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade***

Co mesmo obxectivo que o convenio coa *Coordinadora Galega de ONGD*, pero dirixido ao ámbito municipalista, no 2021 asinarase novamente un **convenio co *Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade*** como entidade plural (na actualidade agrupa a 98 concellos e ás Deputacións Provinciais da Coruña, Lugo e Pontevedra), comprometida coa idea de cooperar en Galicia para ser máis eficaces na cooperación con terceiros países, impulsando un maior compromiso por parte das entidades locais coa cooperación para o desenvolvemento, nun marco máis estable e permanente.

O obxectivo do convenio será, tomando como referencia a Axenda 2030, sensibilizar, asesorar e apoiar ás entidades pertencentes ao Fondo e dar a coñecer o traballo que desenvolve no ámbito da cooperación municipalista e no cumprimento dos ODS ás entidades socias e á sociedade galega en xeral, así como reforzar a rede humana e organizativa do propio Fondo.

A **dotación financeira** para este convenio no 2021 é de **60.000 €**.

- **Convenio de colaboración “Cooperación galega: O mundo que queremos” no marco do Plan Proxecta da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**

O **Plan Proxecta** é unha iniciativa de innovación educativa da actual Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, que busca a integración na planificación anual dos centros de programas postos en marcha por entidades alleas ao sistema educativo.

No ano 2013 a DXRREE e coa UE, en coordinación coa devandita Consellería e no marco do **Plan Proxecta**, impulsou un proxecto piloto titulado “**Cooperación galega: O mundo que queremos**”, que se levou a cabo en varios institutos galegos durante o curso 2013-2014.

Dado o éxito deste proxecto piloto, que fora financiado no marco da convocatoria anual de axudas a proxectos de educación para o desenvolvemento, a partir do ano 2014 decidiuse darlle continuidade a través da formalización de **convenios de colaboración con ONGD especializadas no ámbito da educación para o desenvolvemento**, dadas as especificidades das actuacións levadas a cabo. Entre o 2014 e o 2020 asináronse sete convenios que permitiron a posta en marcha de outras tantas edicións do proxecto “**Cooperación galega: O mundo que queremos**”.

Para o ano 2021 está previsto asinar **un novo convenio** coas mesmas entidades que no 2020; é dicir, **Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz**, para poñer en marcha a IX edición (2021-2022) do proxecto “**Cooperación Galega: O mundo que queremos**,” cunha **dotación prevista de 70.000 €** (30.000 € para 2021 e 40.000 € para 2022).

- **Convenio de colaboración coas tres universidades galegas para a consolidación da RGCUD, na súa quinta fase**

No ano 2021 continuarase coa colaboración coas tres universidades galegas para o fortalecemento da Rede Galega de Cooperación

Universitaria para o Desenvolvemento (RGCUD), afondando na formación e sensibilización en materia de cooperación para o desenvolvemento coa sinatura dun **convenio anual** de colaboración para o financiamento de actuacións neses eidos, cunha **dotación** prevista de **40.000 €**.

O obxectivo xeral deste convenio será o de fortalecer o Sistema Universitario Galego (SUG) como axente de cooperación para o desenvolvemento implicado na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS), mellorando as capacidades da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento (RGCUD) para liderar a aprobación dunha estratexia común para a implementación da Axenda 2030 nas tres universidades galegas.

✓ **Convenios de colaboración con entidades para actuacións de cooperación no exterior**

Neste ano 2021 porase en marcha un novo convenio de colaboración para o fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique (AQUA-MOZ, SECARA, 2ª Fase), froito da coordinación con Augas de Galicia e a Universidade da Coruña.

Ao longo do ano, e en función das dispoñibilidades financeiras, poderanse explorar novas vías de colaboración a través dos correspondentes procesos de identificación en diferentes países e sectores, que se instrumentarían por medio da sinatura de convenios de colaboración con aquelas entidades que se consideren máis adecuadas.

5.3 PLAN ANUAL DE AVALIACIÓNS

Co obxecto de seguir mantendo o grao de transparencia e de rendición de contas que caracteriza á Cooperación Galega, así como o de potenciar a cultura avaliadora e a aprendizaxe colectiva, no ano 2021 darase continuidade á avaliación de proxectos financiados no exterior.

As avaliacións son necesarias por un dobre motivo:

- En primeiro lugar, son un elemento imprescindible para que a política de axuda teña progresivamente unha maior calidade e capacidade de impacto.
- En segundo lugar, porque a política de cooperación lévase a cabo con fondos públicos e é esixible, polo tanto, un exercicio de rendición de contas.

Incidindo nesta necesidade avaliadora, no ano 2021 prevense realizar as seguintes avaliacións:

- As **avaliacións *ex-ante*** dos proxectos que se presenten ao amparo das convocatorias.
- A **avaliación final das intervencións financiadas** dende 2010 en **Guatemala**, país destinatario tradicional da axuda da Cooperación Galega.
- A **avaliación final do IV Plan Director da Cooperación Galega 2018-2021.**

5.4 ACTIVIDADES DIVULGATIVAS E FORMATIVAS

✓ **Publicación do Informe 2020 da Cooperación Galega**

Ao igual que nos últimos anos, no 2020 editarase en formato dixital o **Informe 2020 da Cooperación Galega**, que será publicado na nosa páxina web co fin de dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo dende Galicia.

✓ **Edición especial de TecEuropa sobre financiamento comunitario**

A Unión Europea dedica preto do 10% do seu orzamento á acción exterior, proporcionando financiamento en forma de subvencións, licitacións e apoio orzamentario no eido da cooperación para o desenvolvemento. Tendo en conta o comezo do novo período de

programación 2021-2027, coa colaboración da **Fundación Galicia Europa** levarase a cabo unha edición especial de **TecEuropa** destinada a persoal das ONGD e outros axentes de cooperación onde se remarcarán oportunidades como as ofrecidas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Sustentable (FEDS), que impulsará os investimentos en África e nos países veciños da UE, ou os retos que implica a exclusión das entidades locais e rexionais do novo Instrumento de Veciñanza, Desenvolvemento e Cooperación.

✓ **Curso monográfico “A Axenda 2030 para o desenvolvemento sustentable e a súa implementación nas Administracións Públicas galegas” 2ª edición**

Dentro do Plan de formación da EGAP para o ano 2021 impartirase a segunda edición do curso dirixido ao persoal das Administracións autonómica e local e ao persoal das tres universidades galegas, co fin de sensibilizar ás empregadas e empregados públicos e crear conciencia sobre a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, a cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria e dar a coñecer o IV Plan director da cooperación galega e a Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.

5.5 COORDINACIÓN INSTITUCIONAL

Ao longo do 2021 a DXRREE e coa UE seguirá participando activamente nas reunións daqueles órganos de coordinación institucional dos que forma parte.

✓ **Comisión Interdepartamental de Seguimento da Axenda 2030 e Galicia**

Esta comisión, que foi creada polo Decreto 142/2019, do 31 de outubro, está concibida como un órgano de coordinación e colaboración en materia de sustentabilidade, no que están representados os distintos departamentos da Administración galega, e

ten por obxecto garantir a coordinación nas accións administrativas e de goberno, necesaria para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable (ODS) da Axenda 2030.

A presidencia e coordinación desta comisión corresponde á Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

✓ **Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global**

O Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global creouse para asesorar e acompañar a implementación da Estratexia Galega de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global.

Consonte ao seu obxecto, este grupo reunirse cantas veces se estime necesario ao longo do ano 2021.

✓ **Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento**

A Comisión Interterritorial é un órgano consultivo e de coordinación, concertación e colaboración entre as Administracións públicas que levan a cabo accións de cooperación para o desenvolvemento. Está presidida pola Secretaria de Estado de Cooperación Internacional do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación, Ángeles Moreno, e dela forman parte representantes de diferentes departamentos da Administración Xeral do Estado, das comunidades autónomas e das entidades locais.

✓ **Comisión de Seguimento do Convenio entre a Cooperación Descentralizada e a AECID para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria**

Galicia participará nas reunións da Comisión que se constituíu para o seguimento do Convenio subscrito entre a Cooperación Descentralizada e a AECID para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria. A devandita comisión está integrada por representantes

da AECID, de cada unha das comunidades autónomas asinantes e da FEMP, e exerce as funcións de coordinación, seguimento, vixilancia e control da execución dos compromisos adquiridos e das actuacións implementadas no marco do convenio.

✓ **Plataforma de seguimento e coordinación da Estratexia de resposta conxunta da Cooperación Española á crise da COVID-19**

Unha vez aprobada a Estratexia de resposta conxunta da Cooperación Española á crise da COVID-19, púxose en marcha esta plataforma que ten como obxecto a realización dun seguimento conxunto, tanto dos recursos asignados como dos avances e resultados emerxentes na implementación de dita estratexia, e da que forman parte os colectivos representados no Consello español de Cooperación para o Desenvolvemento.

✓ **Grupo de Traballo de Educación para o Desenvolvemento do Consello español de Cooperación para el Desenvolvemento**

Galicia seguirá participando nas reunións deste grupo de traballo en representación da cooperación descentralizada, co obxecto de incidir no Consello de Cooperación estatal para a toma en consideración deste ámbito específico de actuación.

✓ **Marcos de Asociación País**

No 2021 seguirase participando nas Plataformas de Consulta en Sede (PCS) e dos Equipos País Ampliado (EPA) que se constitúan para a elaboración ou seguimento dos Marcos de Asociación País (MAP) cos países prioritarios para a Cooperación Galega.

✓ **Encontro anual de Comunidades Autónomas e Cooperación**

Como vén sendo habitual, representantes da DXRREE e coa UE participarán na XIV edición do Encontro de Comunidades Autónomas e Cooperación, que será organizada no 2021 pola Comunidade Autónoma de Extremadura.

Estes encontros están consolidándose como espazos de debate e reflexión da cooperación descentralizada española, co fin de buscar canles para unha maior coordinación e complementariedade das accións de desenvolvemento das distintas administracións autonómicas e para analizar propostas de traballo conxunto.

6. ORZAMENTO 2021

O Goberno galego renova o seu compromiso de solidariedade coas persoas e os países máis desfavorecidos **elevando o orzamento para o ano 2021 nun 12,06 %** respecto ao orzamento aprobado no 2020.

No seguinte cadro aparecen reflectidas as partidas orzamentarias previstas para actuacións de cooperación para o desenvolvemento para o ano 2021 por capítulos de gasto do programa orzamentario 331A: *Cooperación Exterior e ó Desenvolvemento*.

Os gastos correntes e de funcionamento asociados á competencia de cooperación para o desenvolvemento (que serán financiados con cargo ao programa 111E da DXRRREE e coa UE) serán cuantificados ao final do exercicio.

Como nos anos anteriores, ao final do exercicio realizarase a cuantificación das achegas que ao longo do ano poidan realizar outros departamentos da Xunta de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de cooperación para o desenvolvemento.

ORZAMENTO 2021

PROGRAMA 331A: COOPERACIÓN EXTERIOR E Ó DESENVOLVEMENTO		
CAPÍTULO	CONCEPTO	CONTÍA (€)
Capítulo I	Gastos de persoal	572.641 €
Capítulo IV	Transferencias correntes	5.145.584 €
	Institucións sen fins de lucro	572.730 €

	Axudas ás Universidades galegas	115.007 €
	Actuacións de cooperación no exterior	4.099.322 €
	Convenio CGONGD	100.000 €
	Convenio Fondo Galego	60.000 €
	Bolsas formación en cooperación	95.000 €
	SS bolsas formación en cooperación	3.525 €
	Convenio Fondo Humanitario AECID	50.000 €
	Convenio SOGAPS	50.000 €
Capítulo VI	Investimentos reais	70.000 €
Capítulo VII	Transferencias de capital	1.660.208 €
	Actuacións de cooperación no exterior	1.610.208 €
	Convenio SOGAPS	50.000 €
TOTAL Programa 331A		7.448.433 €

ANEXO

2021

Estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega



XUNTA
DE GALICIA



cooperacióngalega

Dirección Xeral de Relacións
Exteriores e coa UE

Vicepresidencia primeira e Consellería
de Presidencia, Xustiza e Turismo.
Xunta de Galicia

Índice

Presentación	2
1. Xustificación	3
2. Diagnóstico da Cooperación Galega no contexto da COVID-19.....	5
3. Ámbitos estratéxicos	7
AE 1: Afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e aos gobernos, comunidades e organizacións da sociedade civil socias da Cooperación Galega para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias.	7
AE 2: Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico) e a cohesión social e reforzar os sistemas públicos de protección social con iniciativas lideradas desde o nivel comunitario e local.	7
AE 3: Mitigar o impacto socioeconómico e salvagardar ás persoas máis vulnerables e ás comunidades locais garantindo os seus ingresos e os seus medios sustentables de vida.	7
4. Prioridades xeográficas, transversais e colectivos prioritarios.....	8
4.1. Prioridades xeográficas e transversais.....	8
4.2. Colectivos prioritarios	8
5. Marco de resultados de xestión	9
R.X.1. A cooperación galega alíña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS no marco da loita contra a COVID-19.	9
R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia no marco da loita contra a COVID-19.	9
R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas no marco da loita contra a COVID-19.....	9
R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.....	10
R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.	10
R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.....	11
6. Modalidades e instrumentos de axuda.....	11
7. Avaliación e xestión do coñecemento	11
8. Marco orzamentario	11
9. Marco de resultados e indicadores	12

Presentación

O [Informe intermedio de seguimento do IV Plan Director da Cooperación Galega \(2018-2021\)](#) incluíu entre as súas recomendacións a definición dunha estratexia complementaria ao IV Plan Director en diálogo cos axentes de cooperación co fin de facer fronte ao impacto negativo da pandemia da COVID-19 e da crise sanitaria, social e económica en Galicia e nos países e nas comunidades socias.

Atendendo esta recomendación, a Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo da Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (DXRREE e UE) iniciou o proceso participativo de elaboración dunha estratexia de resposta á COVID-19 da Cooperación Galega complementaria do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) e que estará vixente durante a situación de pandemia.

O IV Plan Director deseñouse para reforzar a contribución da Cooperación Galega á Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas. Pero a actual crise está a afectar ao bienio 2020-2021 da execución do vixente Plan Director sendo precisa unha adaptación flexible do mesmo ao novo contexto da pandemia de tal xeito que os seus recursos e instrumentos respondan con eficacia ás novas demandas e necesidades das comunidades socias e dos axentes de cooperación. Para coñecer o impacto e consecuencias da pandemia nos proxectos financiados pola Cooperación Galega e nos axentes de cooperación, a elaboración desta estratexia incluíu a elaboración dun diagnóstico colectivo que se ten tomado como referencia para o deseño do seu marco de resultados.

Ante a incerteza respecto da persistencia e duración desta pandemia, a DXRREE e UE ten o compromiso de elaborar o Plan Anual 2021 da Cooperación Galega con base nesta estratexia de xeito que os seus activos, recursos e instrumentos se organicen e orienten para facilitar, desde a política pública galega de cooperación internacional, a loita contra a pandemia e as súas negativas consecuencias que están a afectar gravemente ás comunidades e persoas máis vulnerables. Con todo, se a situación de pandemia se alongase nos países e comunidades socias, consensuaríase cos axentes de cooperación a prolongación da súa vixencia para alén do ano 2021.

Ao tempo, a próxima aprobación no Parlamento de Galicia e entrada en vigor da Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia permitirá contar cun renovado marco de financiamento e control das axudas e subvencións neste eido, o que posibilitará a necesaria flexibilidade na súa xestión para afrontar este contexto de incertezas con garantías de calidade, eficacia e eficiencia.

Durante a situación de pandemia, esta Estratexia constituirá o marco de referencia estratéxico e operativo para a Cooperación Galega. Para todas aquelas cuestións non previstas

nesta Estratexia seguirá en vigor subsidiariamente o establecido no IV Plan Director da Cooperación Galega.

Con esta Estratexia, a Cooperación Galega únese aos esforzos globais, europeos e estatais para afrontar a pandemia desde a promoción dos principios de solidariedade, asociación, apropiación, aliñamento e coordinación e complementariedade, tomando como referencia o [marco de resposta das Nacións Unidas á COVID-19](#), a [resposta global da Unión Europea á COVID-19](#) e a [Estratexia de resposta conxunta da Cooperación Española á crise da COVID-19](#).

Porque esta pandemia, coa súa afectación global, ten reforzado a conciencia tanto da nosa pertenza a unha Humanidade común, como da nosa interdependencia e corresponsabilidade na superación dos retos que, como o actual, poñen en risco ás persoas, a prosperidade, a paz, as alianzas e ao propio planeta.

1. Xustificación

A pandemia global da COVID-19 constitúe o principal e máis urxente desafío humanitario a nivel local e global. Unha ameaza real para a vida e saúde de toda a Humanidade que está a ter consecuencias graves para o benestar físico, mental, social, económico e ambiental de millóns de persoas en todo o mundo. Canda á irreparable perda de vidas humanas, esta crise multidimensional xa provocou profundos retrocesos nos avances acadados ao abeiro da axenda global de desenvolvemento humano sustentable nos últimos trinta anos, especialmente nos países empobrecidos ou en situación de conflito. Con todo, este agravamento das pobreza, as desigualdades, as vulnerabilidades e a crise climática ten xerado un movemento global de resposta que afirma o deber e compromiso de non deixar a ninguén atrás a través do fortalecemento da cooperación internacional e o reforzamento dos sistemas públicos de saúde e protección social co obxectivo de salvar vidas e protexer ás persoas e ás comunidades e os seus medios sustentables de vida.

Desde a declaración de pandemia global pola Organización Mundial da Saúde no mes de marzo, os efectos negativos da COVID-19 teñen transformado esta doenza vírica nunha sindemia, unha epidemia onde as fragilidades e vulnerabilidades sociais derivadas da pobreza, a exclusión e as desigualdades agravan os seus impactos negativos sobre as persoas e comunidades. Neste contexto de compartida fragilidade, vulnerabilidade e interdependencia, resulta aínda máis oportuno impulsar as medidas necesarias para acelerar a consecución dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) proclamados na Axenda 2030 de Desenvolvemento Sustentable das Nacións Unidas. Complementariamente, a pandemia da COVID-19 vai demandar que a nacente Década de acción polos ODS (2020-2030) inclúa o deseño de medidas ambiciosas de recuperación e reconstrución que, de vez, faciliten o cumprimento íntegro da visión da Axenda

2030 dunha vida digna, saudable, en paz, próspera, con liberdade e nun medio ambiente sustentable para todas as persoas.

A Cooperación Galega quere unirse con esta estratexia aos esforzos das Nacións Unidas, da Unión Europea e da Cooperación Española para ofrecer unha resposta coherente, coordinada, creativa, participativa e excepcional con base nos recursos, experiencia e activos do sistema galego de cooperación organizados a nivel estratéxico, operativo e instrumental no vixente IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021). O carácter abrupto e inesperado desta crise sanitaria global ten afectado practicamente á totalidade das iniciativas solidarias e proxectos promovidos e financiados pola Cooperación Galega, tanto nas comunidades e países socios como en Galicia. Tras dunha primeira resposta de urxencia ás demandas e necesidades dos axentes de cooperación e socios de desenvolvemento e a constatación do carácter persistente da pandemia, a DXRREE e UE coidou pertinente a definición en man común dunha estratexia de resposta á COVID-19 complementaria do IV Plan Director da Cooperación Galega, tal e como se recomenda no Informe intermedio de seguimento do vixente plan director. Con esta estratexia a Cooperación Galega apoiará aquelas iniciativas e actuacións de protección, resiliencia, recuperación e reconstrución centradas nas persoas e colectivos máis afectados polas consecuencias da pandemia.

Esta estratexia de continxencia expresa o consenso do sector galego de cooperación verbo das medidas e accións que, con carácter flexible e eficaz, dean resposta ás necesidades e demandas dos socios de desenvolvemento da Cooperación Galega e dos axentes de cooperación. Para acadar este consenso, o proceso de elaboración desta estratexia fomentou un diálogo aberto e unha participación ampla e inclusiva dos axentes galegos de cooperación e os seus socios de desenvolvemento. A través do diagnóstico participativo identificáronse os principais puntos de fractura que teñen acontecido ou aínda persisten por causa da pandemia nas comunidades sociais e mais nos procesos vinculados á xestión do ciclo do proxecto. A partir deste diagnóstico fundaméntanse e lexitímanse as adaptacións do marco estratéxico, instrumental e operativo do IV Plan Director e introdúcense novas liñas de acción e medidas que se reflectirán nos instrumentos da Cooperación Galega.

Xunto co cambio climático, esta pandemia constitúe o risco existencial máis urxente que afronta a humanidade. Esta trágica realidade da nosa común fragilidade e vulnerabilidade como especie fainos cobrar conciencia de como a solidariedade e a empatía, bases éticas da nosa política pública de cooperación para o desenvolvemento, se encarnan nos deberes de coidado mutuo, acompañamento e axuda que inspiran esta estratexia de resposta á COVID-19. Porque para non deixar a ninguén atrás, a mobilización da vontade solidaria da cidadanía galega, da súa sociedade civil organizada e das Administracións públicas resulta máis necesaria e oportuna que nunca.

2. Diagnóstico da Cooperación Galega no contexto da COVID-19

Para coñecer o impacto e consecuencias da pandemia nos proxectos financiados pola Cooperación Galega e nos axentes de cooperación, o proceso de elaboración desta estratexia incluíu a elaboración dun diagnóstico ao que contribuíron as organizacións e entidades que están a executar intervencións de cooperación e acción humanitaria financiadas pola Xunta de Galicia. A seguir, preséntanse os principais resultados deste diagnóstico.

En primeiro lugar, a pandemia da COVID-19 constitúe unha experiencia compartida por toda a Humanidade que todas as persoas, con independencia das súas circunstancias singulares, viven como afectadas e vítimas. Con todo, o impacto da COVID-19 agrávase en función das súas condicións previas de vida, moitas das cales constitúen o obxecto da política pública de cooperación para o desenvolvemento como as pobrezas, desigualdades, vulnerabilidades, discriminacións, marxinaçãos, exclusións, debilidades, precariedades, ameazas ou violencias que limitan ás oportunidades de dignidade, benestar e realización de persoas, grupos e comunidades. No contexto da pandemia, logo, non existen fronteiras ante unha afectación global que ten consecuencias a nivel persoal, profesional e institucional.

En segundo lugar, a situación de pandemia debería de conducir a un exame de conciencia global xa que todos os países están a afrontar a xestión da crise e tamén a xestión do risco de desastres coas súas fases de mitigación, prevención, resposta, rehabilitación e reconstrución. Por este motivo, os axentes de cooperación expresan a necesidade de que a emerxencia sexa un catalizador da urxencia de construír colectivamente as transformacións estruturais necesarias para afrontar os principais desafíos humanitarios e planetarios como as pobrezas, as desigualdades e a crise climática e ecolóxica. Por outra banda, advirten da necesidade de evitar que a atención á crise poña en risco ou se faga en detrimento dos procesos de desenvolvemento a medio e longo prazo xa en marcha.

En terceiro lugar, as intervencións dos axentes de cooperación sofren as consecuencias da COVID-19 con diversos niveis de intensidade de tal xeito que a súa execución está condicionada polos efectos da pandemia sobre as persoas e comunidades participantes, o persoal técnico, as organizacións e entidades socias e o contexto político, social e económico. Por este motivo a xestión do ciclo do proxecto viuse afectada en todas as súas fases, especialmente os procesos de xustificación técnica e económica. A pesar das posibilidades de flexibilización dos requisitos e esixencias de xustificación establecidos na normativa específica que rexe a Cooperación Galega e da dispoñibilidade da Xunta de Galicia para facilitar estes procesos, identificáronse atrancos que incrementaron o estrés e ansiedade do persoal responsable da xestión.

En cuarto lugar, sinaláronse as seguintes problemáticas compartidas:

- As intervencións de cooperación afrontan retos humanitarios nun contexto de emerxencia global que implica grandes retos loxísticos e organizativos para os axentes de cooperación e para as organizacións parceiras e as comunidades sociais.
- Os axentes de cooperación están a abordar a xestión das perdas persoais e institucionais e, especialmente, o abandono da participación de persoas e grupos beneficiarias das intervencións.
- Todos os axentes de cooperación coinciden no impacto psicosocial da pandemia en todas as persoas participantes nas intervencións o que implica a xestión individual e colectiva da dor, o medo, os dós, a inseguridade, a incerteza, a tensión ou a ansiedade, entre outras.
- O persoal técnico, as estruturas organizativas e os procesos de xestión están afectados con diversos graos de incidencia impedindo a execución das intervencións tal e como se planificaran orixinariamente.
- A pandemia agravou a situación dos Estados débiles ou fallidos que pola pandemia sofren un maior debilitamento, aumentando as tensións duns sistemas públicos de protección social e de saúde ineficaces, mal dotados de recursos, sobrecargados e superados pola COVID-19. A pandemia puxo de manifesto, por tanto, a debilidade dos sistemas de saúde para responder de xeito áxil e cos suficientes medios ás crises e emerxencias nos países nos que se levan a cabo os proxectos financiados pola Cooperación Galega, polo que se considera fundamental reforzar os seus sistemas de saúde a través da provisión de recursos materiais, infraestruturas adaptadas, protocolos de actuación e formación e apoio psicosocial para o persoal sociosanitario. Ao tempo, a pandemia tamén aumentou a fragilidade do Estado de dereito, reportándose vulneracións de dereitos e liberdades, un aumento do autoritarismo, a represión, a violencia e unha maior persecución das persoas e organizacións que lideran a sociedade civil e a defensa dos dereitos humanos e da democracia.
- No contexto da pandemia, as Administracións e Autoridades Locais lideraron e están a liderar moitas das accións e iniciativas de resposta á pandemia compensando as limitacións do Estado e amosando unha maior flexibilidade e capacidade de adaptación por mor da súa proximidade á cidadanía e ás súas necesidades e demandas. Como en anteriores emerxencias, a cooperación municipalista galega estableceu alianzas de solidariedade cos seus parceiros na África lusófona a través de proxectos centrados na loita contra a COVID-19.
- A crise económica a consecuencia da pandemia está a afectar aos medios de vida de todas as persoas, pero especialmente das máis vulnerables, debido á redución dos ingresos, a perda do emprego, o agravamento da precariedade e informalidade laboral, o aumento dos gastos non previstos (máscaras, xeles, atención médica, transporte, etc.) ou o incremento do endebedamento, entre outros. En consecuencia está a incrementarse a pobreza e as

vulnerabilidades, existen dificultades agravadas para cubrir as necesidades básicas, e os procesos de produción, venda e comercialización sofren limitacións e restricións que se agravan no caso das economías de subsistencia. Por este motivo medran os problemas de seguridade alimentaria, desnutrición e garantía do dereito á alimentación polas diversas limitacións no acceso a alimentos.

- A pandemia ten xerado impactos diferenciais sobre homes e mulleres, cun impacto máis grave sobre mulleres e nenas, e sobre a infancia en xeral, cun aumento das desigualdades de xénero, dos traballos de coidados, da precariedade laboral, dos problemas de saúde mental e física, da violencia de xénero, os feminicidios, os matrimonios infantís e os embarazos adolescentes, entre outros. Mais tamén ten afectado gravemente a persoas e colectivos vulnerables, como a poboación refuxiada e desprazada, persoas maiores, persoas enfermas, persoas traballadoras informais ou poboación rural. En todos estes colectivos a saúde física e mental viuse afectada, cunha especial incidencia na infancia.
- Tanto nos países socios como en Galicia, a pandemia afectou non só aos sistemas de saúde e protección social, senón tamén aos sistemas educativos. A interrupción da educación, o peche de escolas e centros de ensino, as dificultades para afrontar a educación en liña, etc., aumentaron os riscos para a infancia e adolescencia a todos os niveis (abandono escolar, fracaso escolar, traballo infantil, maltrato intrafamiliar, etc.). Ao tempo, os sistemas educativos amosan limitacións para incorporar e garantir a educación en liña, desenvolver programas de ensino con pertinencia cultural, capacitar ao profesorado ou incrementar os seus recursos humanos.

3. Ámbitos estratéxicos

Con base no marco proposto polas Nacións Unidas, a Unión Europea e a Cooperación Española e no diagnóstico da Cooperación Galega no contexto da COVID-19, esta estratexia establece tres ámbitos estratéxicos (AE):

AE 1: Afrontar a emerxencia sanitaria apoiando os sistemas e servizos de saúde e aos gobernos, comunidades e organizacións da sociedade civil socias da Cooperación Galega para rematar coa transmisión do virus da COVID-19 e prever e tratar futuras crises sanitarias e pandemias.

AE 2: Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat, auga e saneamento básico) e a cohesión social e reforzar os sistemas públicos de protección social con iniciativas lideradas desde o nivel comunitario e local.

AE 3: Mitigar o impacto socioeconómico e salvagardar ás persoas máis vulnerables e ás comunidades locais garantindo os seus ingresos e os seus medios sustentables de vida.

Con carácter transversal a estes tres ámbitos estratéxicos, priorizaranse as actuacións que impulsen a equidade de xénero e o apoderamento e o exercicio de dereitos das mulleres e da infancia, por mor da súa especial afectación a causa da pandemia.

4. Prioridades xeográficas, transversais e colectivos prioritarios

4.1. Prioridades xeográficas e transversais

Esta estratexia respectará as prioridades xeográficas do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021) e dará continuidade á atención específica aos países menos adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo e ás comunidades e países socios máis afectados pola COVID-19.

As intervencións financiadas ao abeiro desta estratexia complementaria respectarán as prioridades transversais establecidas no IV Plan Director da Cooperación (2018-2021): erradicación da pobreza multidimensional, equidade de xénero, defensa da sustentabilidade ambiental e a loita contra o cambio climático, o enfoque baseado en dereitos humanos, o respecto pola diversidade cultural e a promoción da interculturalidade, a equidade e a loita contra as desigualdades, e a participación cidadá e fortalecemento institucional e da sociedade civil.

4.2. Colectivos prioritarios

Esta estratexia prestará unha atención preferente ás persoas e grupos de poboación en situación de vulnerabilidade ou en risco de marxinação, exclusión ou discriminación que teñan sido máis afectadas pola pandemia.

Estes grupos de poboación coinciden cos colectivos identificados no IV Plan Director como prioritarios por mor de atoparse en situación de vulnerabilidade, en risco de marxinação e exclusión ou sendo vítima de múltiples discriminacións e violencias como as mulleres e nenas, adolescentes, persoas traballadoras informais, poboación indíxena ou afrodescendente, minorías étnicas, persoas con diversidade funcional, persoas maiores dependentes, persoas doentes sen recursos, poboación refuxiada ou desprazada, etc.

Con todo, os axentes de cooperación coinciden en identificar á infancia e ás nenas e mulleres como colectivos especialmente afectados, aos que se engaden as persoas defensoras dos dereitos humanos e a sociedade civil organizada en contextos de regresión democrática e autoritarismo ou en países onde as medidas sanitarias máis severas para a loita contra a pandemia inclúen a restrición dos dereitos e as liberdades públicas. Xa que logo, durante a situación de pandemia procurarase non deixar a ninguén atrás, pero deberase protexer sobre todo ás persoas e grupos máis vulnerables.

5. Marco de resultados de xestión

Este marco de resultados complementa ao establecido no IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021). Unicamente se sinalan os resultados de xestión e liñas de acción que se adaptan. Para o non previsto neste marco de resultados, segue vixente o definido no vixente Plan Director.

R.X.1. A cooperación galega alíña o seu marco estratéxico e operativo coa Axenda 2030 e os ODS no marco da loita contra a COVID-19.

L.A.1.1. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.

Co fin de garantir a previsibilidade dos seus recursos orzamentarios anuais, durante a vixencia desta estratexia o Programa 331A- Cooperación exterior e ó desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021.

R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia no marco da loita contra a COVID-19.

L.A.2.1. Concentrar a axuda nos 11 países prioritarios.

Durante a vixencia desta estratexia a Cooperación Galega concentrará os seus recursos en cooperación no exterior nos 11 países prioritarios do IV Plan Director, dando continuidade ao seu apoio ás intervencións que se están a desenvolver nos países e comunidades socias afectados pola pandemia e que teñen un marco temporal de execución a medio e longo prazo.

L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.

Esta estratexia dará continuidade ao apoio aos países menos adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo que serán o destino de, como mínimo, o 20% da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria.

R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas no marco da loita contra a COVID-19.

L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior e da acción humanitaria.

Durante a vixencia desta estratexia, como mínimo o 80% do total da axuda desembolsable no exterior a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase aos tres ámbitos estratéxicos desta estratexia.

No eido da acción humanitaria, a resposta basearase no enfoque de vulnerabilidade e nas necesidades humanitarias, priorizando a intervención en favor de poboacións en función do seu grao de vulnerabilidade á pandemia e as súas consecuencias.

R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.

L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española, a cooperación autonómica e a cooperación local.

A DXRREE e UE participará activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española, a cooperación autonómica e a cooperación municipalista orientados á loita contra a COVID-19 no marco da execución da Estratexia de resposta conxunta da Cooperación Española á crise da COVID-19.

R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.

L.A.5.1. Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.

Co fin de asegurar a capacidade institucional e técnica dos axentes de cooperación e dos seus socios, os proxectos financiados pola DXRREE e UE subvencionarán a contratación de persoal técnico especializado, no que se poderá investir como máximo o 70% do custo total do proxecto. Por razóns excepcionais e debidamente xustificadas vencelladas á pandemia, este límite podería ser obxecto de ampliación.

L.A.5.2. Favorecer a concorrència competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega.

A DXRREE e UE dará continuidade á concorrència competitiva no acceso aos recursos desembolsables de tal xeito que o 75-80% da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizárase a través de convocatorias públicas. Con todo, durante o estado de pandemia a DXRREE e UE poderá empregar os convenios de forma flexible, razoada e transparente cando a urxencia e excepcionalidade das circunstancias non permitan empregar os procedementos regulados mediante convocatoria ordinaria e en resposta a demandas específicas dos axentes de cooperación.

L.A.5.3. Facilitar a xestión do ciclo do proxecto.

Co fin de afrontar os efectos da situación de pandemia na xestión do ciclo do proxecto, a DXRREE e UE fomentará a participación dos axentes de cooperación na revisión das bases das convocatorias para a súa adaptación e flexibilización de tal xeito que se garanta a xestión eficaz, eficiente, de calidade e orientada á consecución de resultados de desenvolvemento no marco das intervencións financiadas con recursos públicos.

A vindeira aprobación no Parlamento de Galicia e entrada en vigor da Lei reguladora da acción exterior e cooperación para o desenvolvemento de Galicia permitirá contar cun renovado marco

de financiamento e control das axudas e subvencións que posibilitará a necesaria flexibilidade na súa xestión con garantías de calidade, eficacia e eficiencia.

R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.

L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.

A DXRREE e UE dará continuidade ao seu compromiso coa transparencia e a rendición de contas á cidadanía acerca do valor, do impacto e dos resultados de desenvolvemento da Cooperación Galega na loita contra a COVID-19. Con este fin manterase actualizada a páxina web da Cooperación Galega e difundiranse os informes anuais de xestión así como os resultados da avaliación desta estratexia no marco avaliación final externa e independente do IV Plan director da Cooperación Galega.

6. Modalidades e instrumentos de axuda

Esta estratexia executarase a través do conxunto de instrumentos previstos polo IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).

7. Avaliación e xestión do coñecemento

Durante a vixencia desta estratexia, os informes anuais da Cooperación Galega analizarán o grao de cumprimento do seu marco de resultados, rendendo contas á cidadanía galega do logro de resultados de desenvolvemento na loita contra pandemia da COVID-19 e as súas consecuencias.

A avaliación da execución desta estratexia realizarase durante o proceso de avaliación externa final participativa do IV Plan Director da Cooperación Galega (2018-2021).

8. Marco orzamentario

Os recursos orzamentarios dispoñibles para o Plan Anual 2021 da Cooperación Galega serán de 7,4 millóns de euros, correspondentes á dotación do programa 331A- Cooperación exterior e ó desenvolvemento dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021.

9. Marco de resultados e indicadores

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ¹	Produtos
R.X.1. A cooperación galega aliña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os ODS no marco da loita contra a COVID-19.	<i>L.A.1.1. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios.</i>	1.1.1. O Programa 331A-cooperación exterior e ó desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei Xeral de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2021.	1. Orzamento do Programa 331A de cooperación exterior e ó desenvolvemento aprobado.
R.X.2. A cooperación galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia no marco da loita contra a COVID-19.	<i>L.A.2.1. Concentrar a axuda nos 11 países prioritarios.</i>	2.1.1. Como mínimo, o 80% de axuda desembolsada no exterior en cooperación destinada aos 11 países prioritarios.	2. Proxectos no exterior executados nos países prioritarios.
	<i>L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos Países Menos Adiantados.</i>	2.2.1. Como mínimo, o 20% de axuda desembolsada no exterior destinada a Países Menos Adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo.	3. Proxectos no exterior executados en Países Menos Adiantados ou cun índice de desenvolvemento humano baixo.
R.X.3. A cooperación galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas no marco da loita contra a COVID-19.	<i>L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior e da acción humanitaria.</i>	3.1.1. Como mínimo, o 80% do total da axuda desembolsable no exterior a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE destinarase aos tres ámbitos estratéxicos desta estratexia	4. Proxectos e intervencións executadas en cada un dos ámbitos estratéxicos.
R.X.4. Os actores e axentes da cooperación galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.	<i>L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española, a cooperación autonómica e a cooperación local.</i>	4.1.1. Nº de reunións coa Cooperación Española, resto de cooperación autonómicas, e coa cooperación local no marco da estratexia conxunta de resposta á COVID-19.	5. Reunións dos espazos e mecanismos de coordinación.

¹ Os indicadores teñen como horizonte temporal o remate da vixencia desta estratexia.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores ¹	Produtos
R.X.5. Os actores e axentes da cooperación galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.	<i>L.A.5.1. Dar continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes galegos de cooperación.</i>	5.1.1. As convocatorias e convenios permiten financiar gastos en recursos humanos co límite do 70% do custo total do proxecto e ampliable en determinadas condicións.	6. Bases das convocatorias publicadas.
	<i>L.A.5.2. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega.</i>	5.2.1. O 75-80% da axuda desembolsable xestionada pola DXRREE e UE canalizarase a través de convocatorias públicas.	7. Informes anuais da cooperación galega.
	<i>L.A.5.3. Facilitar a xestión do ciclo do proxecto.</i>	5.3.1. Os axentes de cooperación participan na revisión das bases das convocatorias para a súa adaptación e flexibilización.	8. Bases das convocatorias publicadas
R.X.6. A cidadanía galega accede a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS no marco da loita contra a COVID-19.	<i>L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación.</i>	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada na páxina web da cooperación galega e nos informes anuais sobre toda as actividades da DXRREE e UE relativas á loita contra a COVID-19. 6.1.2. Unha avaliación da execución da estratexia de resposta á COVID-19 no marco da avaliación final externa e independente do IV Plan director da cooperación galega realizada e difundida.	9. Páxina web da cooperación galega actualizada. 10. Informes anuais da cooperación galega difundidos. 11. Avaliación final do IV Plan director realizada.